

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19390 Orde EHA/3241/2010, do 13 de decembro, pola que se aproba a lista de información que se remitirá en supostos de adquisición ou incremento de participacións significativas e por quen pretenda desempeñar cargos de administración e dirección en entidades aseguradoras, reaseguradoras e en sociedades cuxa actividade principal consista en ter participacións nas ditas entidades.

O artigo 28 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e modificado polo Real decreto 1821/2009, do 27 de novembro, en materia de participacións significativas, encomenda ao ministro de Economía e Facenda a aprobación dunha lista que conteña a información que debe subministrar o adquirente potencial dunha participación significativa na notificación para a avaliación cautelar das adquisicións significativas e dos incrementos de participacións en entidades aseguradoras, a que se refire o artigo 22 bis.2 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, modificado nesta materia pola Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras.

O citado artigo 22 bis.2 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados obriga a toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, decida adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha entidade aseguradora española ou ben incrementar, directa ou indirectamente, a participación nela de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou ben que, en virtude da adquisición permita chegar a controlar a entidade aseguradora, a notificalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, indicando a contía da participación prevista, e a incluír na dita notificación toda a información que regulamentariamente se determine.

O artigo 22 ter do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, introducido tamén pola mencionada Lei 5/2009, delimita o alcance da avaliación que realizará a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Así, co fin de garantir unha xestión sa e prudente da entidade aseguradora en que se propón a adquisición, e atendendo á posible influencia do adquirente potencial sobre ela, a mencionada dirección xeral debe avaliar a idoneidade deste e a solidez financeira da adquisición ou incremento proposto.

Estas normas son aplicables igualmente ás entidades reaseguradoras de acordo co previsto no artigo 58 bis.6 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, modificado pola citada Lei 5/2009, do 29 de xuño.

Así mesmo, o artigo 28.2 do citado Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, determina os aspectos básicos que debe recoller a información que deberá achegar o adquirente potencial e, en particular, a información adicional que deberá subministrar en función do nivel de participación que se pretenda adquirir.

Ademais, establécese que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá dar publicidade ao contido da citada lista na súa páxina web.

O 18 de decembro de 2008, o Comité Europeo de Supervisores Bancarios (CEBS), o Comité Europeo de Supervisores de Seguros e Pensións de Xubilación (CEIOPS) e o

Comité Europeo de Reguladores de Valores (CESR) publicaron as guías para a avaliación cautelar das adquisicións e os incrementos de participacións no sector financeiro como requiría a Directiva 2007/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 92/49/CEE do Consello, e as directivas 2002/83/CE, 2004/39/CE, 2005/68/CE e 2006/48/CE, no que atinxe ás normas procedementais e aos criterios de avaliación aplicables na avaliación cautelar que as autoridades supervisoras deben realizar das potenciais adquisicións e incrementos de participacións en entidades do sector financeiro, normas comunitarias das cales traen causa as españolas citadas.

Esta guía recolle no seu anexo II a lista de información que o supervisor debe requirir para a avaliación dunha adquisición. Así, deberase facilitar unha información de carácter xeral sobre o adquirente potencial e, se for o caso, sobre calquera persoa que de maneira efectiva dirixa ou controle as súas actividades, e sobre a adquisición proposta; e unha información específica, cun maior ou menor alcance, en función de que, como resultado da adquisición, teña lugar ou non un cambio no control da entidade.

Sobre a base dos aspectos fundamentais enumerados no citado artigo 28 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, para avaliar a adquisición dunha participación significativa e tendo en conta as mencionadas guías, esta orde establece a lista da información que deberá subministrarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o adquirente potencial en cumprimento da obriga a que se refire o artigo 22 bis do mencionado texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, para a avaliación cautelar das adquisicións significativas e dos incrementos de participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Así mesmo, e de acordo co principio de proporcionalidade, determínase a información que se deberá subministrarse cando o adquirente potencial sexa unha aseguradora, reaseguradora ou outra entidade financeira supervisada polo Banco de España ou pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou por outra autoridade supervisora de entidades financeiras da Unión Europea. Tamén se precisa a información que se deberá subministrarse en caso de que a orixe da obriga de notificar veña derivada dunha adquisición sobrevida, como no caso da recompra pola entidade das súas propias accións a outros accionistas, dun incremento de capital no cal outros accionistas non participen ou no suposto de adquisicións mortis causa. En todo caso, o adquirente potencial, sobre a base do dito principio de proporcionalidade, deberá subministrarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información recollida na lista cun detalle e alcance adecuado á complexidade e á natureza da operación, co fin de que esta poida dispor de toda a información relevante sobre a adquisición para a súa avaliación cautelar. A título de exemplo, parte da información pode resultar innecesaria cando se trate de reestruturacións dentro dun grupo en que varíen as porcentaxes de participación dos socios directos e indirectos sen que se modifique substancialmente nin o control da entidade nin os vínculos ou a estrutura do grupo.

Por último, esta orde derroga a Orde do 23 de decembro de 1998, pola que se desenvolvían determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecían obrigas de información como consecuencia da introdución do euro. Por isto, tendo en conta que nos anexos I e II da citada Orde ministerial do 23 de decembro de 1998 non só se establecía a información que deberían facilitar os socios que pretendesen adquirir unha participación significativa nunha entidade aseguradora, senón tamén aqueles que se propuxesen exercer un cargo de dirección efectiva nela, considerouse conveniente regular nesta orde non só a información exixida aos potenciais adquirentes de participacións significativas, senón tamén a información que deberá achegar quen se propoña formar parte dos órganos de administración das entidades aseguradoras e reaseguradoras, así como quen, baixo calquera título, pretenda levar a dirección efectiva destas entidades e das sociedades cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Utilizouse a orde ministerial como instrumento normativo para regular esta materia, tendo en conta que esta disposición derroga a Orde do 23 de decembro de 1998, e que se elaborou en coordinación cos demais supervisores financeiros españois, como

desenvolvemento dos respectivos regulamentos sectoriais. Agora ben, dado que a regulación da información que se debe facilitar nos supostos de adquisición ou incremento de participacións significativas completa a normativa básica contida no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, e no seu regulamento, e que esta orde é un instrumento necesario para o efectivo cumprimento das funcións de control que á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións lle corresponden para a garantía dos investidores e dos tomadores de seguros, considerouse que as súas disposicións teñen tamén carácter de normas básicas.

A Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións emitiu informe sobre esta orde.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro da Presidencia e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obriga de subministrar información para a avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións significativas en entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. Para efectos do disposto nos artigos 4.1.b) e 28.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, as persoas físicas ou xurídicas que, por si soas ou actuando de forma concertada con outras persoas, pretendan adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora española, no momento do acceso á actividade ou con posterioridade, ou ben incrementar, directa ou indirectamente, a participación nela de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou ben que, en virtude da adquisición, puidesen chegar a controlar a entidade, notificarano previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, indicando a contía da participación prevista e incluíndo na dita notificación a información que se recolle na lista que figura como anexo I a esta orde.

2. Cando unha participación significativa se vaia adquirir ou incrementar, total ou parcialmente, de forma indirecta, deberán facilitar a información recollida nos puntos 1 e 2 da parte I da lista que figura como anexo I a esta orde, tanto aqueles que vaian desempeñar de maneira directa esta participación, como a persoa ou persoas que, situadas ao final da cadea de participacións, sexan os propietarios últimos. Non obstante, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá pedir que se achegue a citada información respecto dalgunhas ou todas as persoas ou entidades a través das cales a participación se posúa, se se considera necesaria para realizar a avaliación cautelar da adquisición proposta.

Artigo 2. *Información que se deberá facilitar se o adquirente potencial é unha entidade aseguradora ou reaseguradora supervisada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

No caso de que o adquirente potencial sexa unha entidade aseguradora ou reaseguradora supervisada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, este só deberá facilitar a información que sobre a adquisición e o nivel da participación que se pretende adquirir se recolle nos puntos 3 e 4 da parte I e na parte II da lista de información que figura como anexo I a esta orde; e sobre os vínculos e relacións, financeiras ou non financeiras, que se recolle nos puntos 2.1.5, 2.1.6, 2.2.2 e 2.2.3 da parte I da citada lista. Así mesmo, deberase facilitar calquera actualización do resto da información recollida na mencionada lista que non constase xa en poder da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 3. *Información que se deberá facilitar no suposto de que o adquirente potencial fose avaliado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos dous anos anteriores.*

Se, para os efectos dunha adquisición regulada nesta orde, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións avaliou o adquirente potencial nos dous anos anteriores, nas notificacións de adquisicións posteriores, este só deberá facilitar, en relación coa información

recollida nos números 1 e 2 da parte I da lista que figura como anexo I á presente orde, aquela que supoña unha actualización sobre a xa remitida. Neste suposto deberase recoller no escrito a que se refire o artigo 8 desta orde unha declaración respecto a que na información da lista non actualizada non se produciu variación sobre a facilitada na dita data.

Artigo 4. Información que se deberá facilitar se o adquirente potencial é unha entidade financeira sometida a supervisión en España ou na Unión Europea.

Cando o adquirente potencial sexa unha entidade financeira supervisada polo Banco de España ou pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou por outra autoridade responsable da supervisión de entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras e reaseguradoras noutro Estado membro da Unión Europea, non será necesario remitir a información necesaria para avaliar a honorabilidade que figura na parte I da lista que se recolle como anexo I a esta orde.

Artigo 5. Principio de proporcionalidade.

1. En virtude do principio de proporcionalidade, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá eximir o adquirente potencial da obriga de subministrar parte da información indicada na lista que figura no anexo naqueles supostos en que, atendendo ás circunstancias que concorran, considere que aquela é de escasa relevancia para a avaliación da adquisición.

2. Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar tanta información adicional ou aclaratoria considere necesaria, atendendo ás circunstancias particulares de cada adquisición, co obxecto de realizar unha adecuada avaliación cautelar desta.

Artigo 6. Adquisicións producidas de forma sobrevida.

1. Cando algún dos supostos previstos no artigo 1 se produza de maneira sobrevida por non derivar directamente dunha operación de adquisición polo accionista, despois de ter lugar de maneira involuntaria, como resultado, entre outros, da recompra pola entidade das súas propias accións a outros accionistas, dun incremento de capital en que outros accionistas non participen ou en supostos de adquisición mortis causa, a notificación prevista no dito artigo 1 deberaa realizar o accionista tan pronto este sexa coñecedor do traspaso dalgún dos limiares, co fin de que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poida avaliar a súa idoneidade.

2. No caso de que, nun prazo inferior a tres meses, o accionista tivese intención de reducir o seu nivel de participación, de tal modo que se volva situar de novo por debaixo do limiar traspasado, no escrito a que se refire o artigo 8 desta norma deberase recoller o compromiso do dito accionista de reducir o seu nivel de participación, e detallarase a forma en que a redución se pretende levar a cabo, así como de non exercer os dereitos de voto correspondentes ás accións en exceso. Neste suposto, non será necesario xuntar ao escrito a información que se recolle na lista que figura no anexo I.

Artigo 7. Información que deberá subministrar quen se propoña desempeñar cargos de administración ou dirección en entidades aseguradoras, reaseguradoras e nas sociedades cuxa actividade principal consista en ter participacións nas ditas entidades.

1. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desempeñar cargos de administración ou dirección en entidades aseguradoras e reaseguradoras, así como as que pretendan desempeñar os ditos cargos naquelas sociedades cuxa actividade principal consista en ter participacións nas ditas entidades notificarano previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, incluíndo na dita notificación a información que se recolle na lista que figura como anexo II.

2. Se as mencionadas persoas físicas ou xurídicas estivesen sometidas a supervisión pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, só será necesario achegar aquela información que non se achegase anteriormente ou a que deba ser actualizada.

3. Se as ditas persoas estivesen supervisadas polo Banco de España, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou por outra autoridade responsable da supervisión de entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras e reaseguradoras noutro Estado membro da Unión Europea, non será necesario remitir a información necesaria para avaliar a honorabilidade que figura na parte 2.1 da lista que se recolle como anexo II.

Artigo 8. Forma de presentación da información e regras relativas ás persoas obrigadas a subministrala.

1. A información que se deba achegar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en virtude do previsto nesta orde deberá ser completa, veraz e actual e facilitarase, se for o caso, a través dos cuestionarios que para o efecto elabore a mencionada dirección xeral, que os porá á disposición dos interesados a través da súa sede electrónica.

2. O escrito correspondente, ao que se xuntarán o cuestionario e o resto da información contida nos anexos, deberá ser asinado polo adquirente potencial ou pola persoa que pretenda formar parte dos órganos de administración da entidade aseguradora ou reaseguradora, así como por quen participe na dirección efectiva destas entidades. En caso de se tratar dunha persoa xurídica, deberá ser asinado por persoa ou persoas con poder suficiente, o que deberá ser acreditado ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, facéndose constar a suficiencia do poder por declaración expresa do asinante e mención do poder. Toda a información adxunta, remitida para dar cumprimento aos requisitos de información, deberá figurar visada en todas as súas páxinas polo adquirente potencial ou pola persoa ou persoas que o representen.

3. Se non concorre algunha das circunstancias respecto das cales se solicita información, a persoa que formalice o escrito ou o cuestionario deberá confirmar expresamente que non se dan tales circunstancias.

4. Cando unha participación significativa se vaia ter ou incrementar superando algún dos limiares previstos, total ou parcialmente, de forma indirecta, o escrito deberá ser asinado por todos aqueles que vaian ter de maneira directa a participación e a persoa ou persoas que, situadas ao final da cadea de participacións, sexan o propietario último.

5. A información persoal relativa a unha persoa física ou xurídica que, de acordo coa citada lista, se teña que xuntar, deberá ser asinada pola propia persoa a que se refira.

6. Cando coincida nunha mesma persoa a dobre circunstancia de ter unha participación significativa e de desempeñar cargos de administración e dirección na entidade aseguradora ou reaseguradora, será preciso achegar todas aquelas informacións que procedan da lista comprendida nos anexos I e II.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde. En particular, queda derogada a Orde do 23 de decembro de 1998 pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecen obrigas de información como consecuencia da introdución do euro.

Disposición derradeira primeira. Bases da ordenación de seguros

Esta orde dítase ao abeiro das competencias que atribúen ao Estado as regras 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen, respectivamente, as competencias para establecer as bases da ordenación dos seguros, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

Madrid, 13 de decembro de 2010.—A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.

ANEXO I

Información requirida para a adquisición ou o incremento de participacións significativas en entidades aseguradoras e reaseguradoras

Parte I. Información xeral

1. Identidade do adquirente potencial

1.1 Persoas físicas.

1.1.1 Nome e apelidos, data e lugar de nacemento, nacionalidade, número de pasaporte ou de documento nacional de identidade, de tarxeta de residencia e domicilio para efectos de notificacións, así como o teléfono, fax e enderezo de correo electrónico e, se for o caso, páxina na internet.

1.1.2 Curriculum vitae, no cal se detalle a formación académica, a súa experiencia e traxectoria profesional.

1.2 Persoas xurídicas.

1.2.1 Denominación social e o nome comercial, o obxecto social, o domicilio social, o número de identificación fiscal e mención á súa inscrición no Rexistro Mercantil ou noutro rexistro público. No caso das persoas xurídicas estranxeiras, deberán facilitar ademais a súa nacionalidade, a súa forma societaria ou personalidade xurídica e a súa acreditación pública. En particular, facilitarase información sobre se as accións son nominativas ou ao portador; se o capital social é fixo ou variable; se existen previsións legais, estatutarias ou pactos parasociais que prevexan que o exercicio dos dereitos de voto non sexa exercido polos accionistas en proporción ao número de accións que posúa, así como calquera outra información relevante que concirna ao réxime social ou estatutario da sociedade estranxeira e cuxo exercicio difira notoriamente do que é habitual nas sociedades mercantís españolas asimilables pola súa natureza.

Así mesmo, facilitarase o domicilio para efectos de notificacións, se é distinto do domicilio social, e o teléfono, fax e enderezo de correo electrónico e, se for o caso, de páxina da internet.

1.2.2 Descrición detallada das actividades desenvolvidas pola entidade e se está suxeita á supervisión dalgunha autoridade supervisora de entidades financeiras.

1.2.3 Relación de persoas que integran o consello de administración ou órgano equivalente, así como dos seus altos directivos, xuntando o seu curriculum vitae. No curriculum vitae detallarase a súa formación e traxectoria profesional, con especial atención ás actividades profesionais desempeñadas na actualidade, a súa formación académica e calquera outro dato que sexa indicador da súa experiencia. Non será necesario remitir os mencionados curriculum vitae cando se trate de persoas que integren o consello de administración ou órgano equivalente ou altos directivos dunha entidade financeira sometida á supervisión doutra autoridade supervisora de entidades financeiras española ou da Unión Europea. No caso dos membros dos órganos de administración que representen accionistas minoritarios deberase indicar a dita circunstancia.

1.2.4 Identidade de todas as persoas que sexan o propietario último da persoa xurídica, e indicación da forma en que se exerce tal propiedade.

No caso de que o propietario último sexa unha persoa física, deberase facilitar a información mencionada no punto 1.1 e, se se trata dunha persoa xurídica, a sinalada nos puntos anteriores, así como a información adicional correspondente, de acordo co previsto no punto 2 seguinte.

No caso de que a potencial adquisición se basee nun acordo contractual articulado a través dun vehículo de investimento para a xestión de participacións que xa existan ou que resultarían en virtude da adquisición, achegarase:

A identidade (co detalle indicado máis arriba) de todas as persoas físicas ou xurídicas que participen no acordo contractual (sexa este expreso ou tácito, verbal ou escrito) e a porcentaxe de participación de cada unha na distribución dos resultados.

A identidade de todas as persoas que sexan o propietario último dos investimentos no vehículo.

2. Información adicional sobre o adquirente potencial

2.1 No suposto de que o adquirente sexa unha persoa física.

2.1.1 Co fin de avaliar a súa honorabilidade, facilitarase información sobre:

2.1.1.1 Antecedentes penais por delitos dolosos en España ou no estranxeiro, ou por imprudencia grave.

2.1.1.2 Sancións xudiciais en materia concursal, xa sexa por inhabilitación conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, xa polo estado de quebrado ou concursado non rehabilitado, en caso de procedementos concursais anteriores á data entrada en vigor da referida lei, xa por situacións similares de acordo coa normativa doutros países.

2.1.1.3 Sancións administrativas graves ou moi graves, impostas en España ou no estranxeiro, relacionadas con algunha das seguintes materias: ordenación de seguros, ordenación bancaria e financeira, tributaria, de Seguridade Social, laboral, mercantil, competencia desleal ou abuso de mercado, movementos de capitais, transaccións económicas co exterior, branqueo de capitais e financiamento do terrorismo e protección dos consumidores e usuarios; inclúese, en todo caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.

2.1.1.4 Calquera tipo de procedemento xudicial, concursal ou sancionador administrativo en que poida estar incurso, en España ou no estranxeiro, nas materias sinaladas no punto 2.1.1.3 ou en relación cos puntos 2.1.1.1 e 2.1.1.2 anteriores.

2.1.1.5 Outras medidas correctivas ou disciplinarias en tramitación ou impostas por unha autoridade supervisora de entidades aseguradoras ou financeiras, ou en materia de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

2.1.1.6 Denegación, retirada ou revogación de calquera autorización ou licenza para desempeñar unha profesión ou actividade de natureza financeira ou expulsión decretada por un órgano administrativo ou regulador nese mesmo ámbito ou de natureza profesional.

2.1.1.7 O despedimento, cesamento ou solicitude de renuncia como empregado, mandatario ou xestor dunha entidade aseguradora ou financeira ou dun vehículo de investimento.

2.1.1.8 Se é accionista, membro do consello de administración ou órgano equivalente, ou director xeral ou asimilado, dunha entidade financeira. Ademais, e se outra autoridade supervisora do sector financeiro avaliou a súa honorabilidade comercial e profesional, deberá identificar a autoridade supervisora correspondente e achegar os documentos que demostren o resultado da dita avaliación.

2.1.1.9 Se foi avaliado, na súa calidade de adquirente potencial dunha entidade non financeira por algunha autoridade dalgún outro sector non financeiro ou se algunha autoridade desa natureza avaliou a súa honorabilidade comercial e profesional. En caso afirmativo, o adquirente potencial deberá identificar a autoridade correspondente e achegar os documentos que demostren o resultado da dita avaliación.

2.1.1.10 No caso de que a súa nacionalidade sexa a dun Estado non membro da Unión Europea, se foi avaliado por algunha autoridade responsable no seu país da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo ou por un organismo internacional responsable da aplicación da dita normativa. En caso afirmativo, o adquirente potencial deberá identificar a autoridade correspondente e achegar os documentos que demostren o resultado da dita avaliación. Ademais, facilitará información sobre a súa traxectoria, e a das empresas domiciliadas fóra da Unión Europea que controle, na dita materia.

2.1.2 Informará sobre a súa situación patrimonial, solvencia e fortaleza financeira e sobre os medios patrimoniais con que conta para atender os compromisos que se propoña asumir en virtude da adquisición, en particular, información sobre as súas fontes de ingresos, activos, pasivos, etc.

2.1.3 Describirá detalladamente as súas actividades profesionais e das sociedades que dirixa ou controle.

2.1.4 Achegará información financeira sobre a súa actividade profesional ou empresarial, se é o caso, consolidada e auditada se o estivese, incluíndo cualificacións crediticias e informes públicos das compañías controladas ou dirixidas polo adquirente potencial e, se estivesen dispoñibles, as cualificacións crediticias e os informes públicos sobre o propio adquirente potencial. Se for o caso, informarase tamén do volume de patrimonios que xestione.

2.1.5 Describirá os seus vínculos ou relacións, financeiras (créditos, garantías, pignoracións, etc.) ou non financeiras (entre outros, relacións familiares):

- a) Con calquera outro accionista significativo da entidade obxecto da adquisición.
- b) Con calquera persoa que poida exercer o dereito de voto na entidade obxecto da adquisición, nalgún dos supostos previstos no artigo 28 bis do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, na redacción dada polo Real decreto 1821/2009, do 27 de novembro, polo que se modificou o mencionado regulamento en materia de participacións significativas.
- c) Con calquera membro do consello de administración ou órgano equivalente, director xeral ou con altos directivos da entidade obxecto da adquisición.
- d) A propia entidade obxecto da adquisición e calquera das empresas do grupo a que esta pertenza.

2.1.6 Describirá calquera outro vínculo, interese, relación ou actividade do adquirente que puidese acreditar un especial interese na adquisición ou xerar un conflito de intereses coa entidade obxecto da adquisición ou co seu grupo e, neste caso, as medidas que teña intención de adoptar para a solución do dito conflito de intereses.

2.2 No suposto de que o adquirente sexa unha persoa xurídica.

2.2.1 Para avaliar a honorabilidade do adquirente potencial e, se for o caso, de calquera persoa que de forma efectiva dirixa ou controle as súas actividades, facilitarase a información recollida no punto 2.1.1 anterior.

2.2.2 Descrición dos vínculos ou relacións financeiras (créditos, garantías, pignoracións) ou non financeiras (entre outros, relacións familiares) do adquirente potencial ou de calquera persoa que efectivamente o controle ou dirixa:

- a) Con calquera outro accionista significativo da entidade obxecto da adquisición.
- b) Con calquera persoa que poida exercer o dereito de voto na entidade obxecto da adquisición, nalgún dos supostos previstos no artigo 28 bis do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, na redacción dada polo Real decreto 1821/2009, do 27 de novembro, polo que se modificou o mencionado regulamento en materia de participacións significativas.
- c) Con calquera membro do consello de administración ou órgano equivalente, director xeral ou con altos directivos da entidade obxecto da adquisición.
- d) Coa propia entidade obxecto da adquisición e calquera das empresas do grupo a que esta pertenza.

2.2.3 Descrición de calquera outro vínculo, interese, relación ou actividade do adquirente que puidese acreditar un especial interese na adquisición ou xerar un conflito de intereses coa entidade obxecto da adquisición ou co seu grupo e, neste caso, as medidas que se van adoptar para a solución do dito conflito de intereses.

2.2.4 A estrutura do accionariado do adquirente potencial, identificando todos os accionistas con participacións significativas e o importe das súas participacións no capital

e os dereitos de voto que poden exercer, e información sobre os acordos parasociais que coñeza.

2.2.5 Se o adquirente potencial forma parte dun grupo de empresas (como matriz ou como filial), deberá achegar:

- a) Estructura detallada do grupo a que eventualmente pertenza.
- b) Información das participacións no capital social e dos dereitos de voto que poidan exercer os accionistas con participacións significativas nas empresas do grupo.
- c) Información sobre as actividades levadas a cabo polo grupo.
- d) Identificación das entidades do grupo que son obxecto de supervisión financeira e nome do supervisor do país de orixe.

2.2.6 Con independencia do tamaño da empresa, estados financeiros anuais dos tres últimos exercicios e informes de auditoría, se os houber, do adquirente potencial e do seu grupo consolidable, se forma parte dun grupo de empresas e, se for o caso, do propietario último, incluíndo:

- 1.º Balance.
- 2.º Conta de perdas e ganancias.
- 3.º Memoria e informe de xestión.
- 4.º Estado de cambios no patrimonio neto.
- 5.º Estado de fluxos de efectivo.

2.2.7 Información sobre a cualificación crediticia do adquirente potencial e do seu grupo.

2.2.8 Se é o caso, información sobre o volume de patrimonios que xestione.

3. Información sobre a adquisición

3.1 Identificación da entidade obxecto da adquisición.

3.2 Finalidade básica da adquisición (investimento estratéxico, de carteira, etc.).

3.3 Número e tipo de accións (ordinarias, preferentes, etc.) da entidade obxecto da adquisición propiedade do adquirente potencial antes e despois da adquisición proposta, incluídas as compradas e vendidas a prazo, as opcións de adquisición ou venda, con indicación da probabilidade de que esas opcións sexan exercidas, e os instrumentos convertibles en accións en carteira, con indicación de se son obrigatoriamente convertibles ou non e, neste último caso, da probabilidade de que teña lugar a conversión; porcentaxe que representan sobre o total do capital; importe (en euros) estimado do custo directo da operación e a súa previsible forma de pagamento; e porcentaxe de dereitos de voto que permitan exercer, se é diferente á porcentaxe de participación no capital.

3.4 Calquera acción concertada de maneira expresa ou tácita con terceiros (contribución de terceiros ao financiamento da operación, formas de participación nos acordos financeiros, futuros acordos organizativos, etc.).

3.5 Acordos previstos con outros accionistas da entidade obxecto da adquisición.

4. Información sobre o financiamento da adquisición

4.1 Información sobre os recursos financeiros propios empregados para a adquisición e sobre a súa orixe, entre outros, ampliacións de capital previstas para realizar a adquisición.

4.2 Detalles sobre outras posibles fontes de capitalización relevantes para a operación e sobre as posibilidades de acceso aos mercados de capitais.

4.3 Detalles sobre o uso de recursos alleos para o financiamento da compra das accións e sobre as posibilidades de acceso aos mercados de capitais.

4.4 Información sobre a utilización de recursos alleos prestados polo sistema bancario ou sobre a intervención deste como avalista ou de calquera outro modo, entre outros, a través de instrumentos financeiros que se emitirán para o financiamento da adquisición.

4.5 Información sobre calquera tipo de relación financeira con outros accionistas da entidade (indicando os vencementos, prazos, avais e garantías).

4.6 Información dos activos do adquirente potencial que vaian ser vendidos a curto prazo (condicións de venda, valor de taxación e demais detalles sobre as características da operación de venda) para facilitar o financiamento da operación.

4.7 Información sobre os medios utilizados para transferir os fondos (dispoñibilidade dos recursos que serán usados para a adquisición, acordos financeiros, etc.) e a rede usada para o efecto.

Parte II. *Información adicional relativa ao nivel de participación que se pretende adquirir*

1. Cambios no control da entidade

Se a adquisición da participación significativa supón un cambio no control da entidade, o adquirente deberá presentar un plan de negocio, con información relativa ao plan de desenvolvemento estratéxico vinculado á adquisición, previsións financeiras, así como detalles sobre os principais cambios na entidade obxecto da adquisición previstos polo adquirente potencial, co contido mínimo seguinte:

1.1 Un plan de desenvolvemento estratéxico que indique, en termos xerais, os principais obxectivos da adquisición proposta e a forma de alcanzalos, incluíndo:

1.1.1 A finalidade detallada da adquisición.

1.1.2 Os obxectivos financeiros a medio prazo (rendibilidade sobre os recursos propios, ratio custo-beneficio, beneficio por acción, etc.).

1.1.3 As principais sinerxías perseguidas coa entidade obxecto da adquisición.

1.1.4 Os posibles cambios nas actividades da entidade obxecto da adquisición, en particular, se pretende ampliar a súa actividade a novos ramos de seguro ou actividades de reaseguro ou, polo contrario, pretende deixar de operar nalgún dos ramos en que estivese autorizada a entidade; as condicións e características dos novos produtos; as modificacións na estrutura do reaseguro; a información sobre os proxectos en materia de publicidade e sobre as formas de distribución e comercialización dos produtos, así como aquelas modificacións previstas en relación coa asignación de recursos e fondos dentro da entidade obxecto da adquisición.

1.1.5 A forma en que a entidade se integrará na estrutura do grupo adquirente, incluíndo unha descrición das sinerxías perseguidas con outras empresas do grupo, e unha descrición da política que vai rexer as relacións entre empresas do grupo.

1.1.6 Activos ou negocios da entidade que pretenda vender a curto prazo con información detallada das características da operación de venda que se pretende, entre a que se incluírá a identificación do ou dos potenciais compradores.

1.2 Unha estimación dos estados financeiros da entidade obxecto da adquisición para un período de tres anos, tanto a nivel individual como consolidado, que inclúa:

1.2.1 Unha previsión de balance de situación e de conta de perdas e ganancias.

1.2.2 Unha previsión da marxe de solvencia e da cobertura das provisións técnicas.

1.2.3 Información sobre o nivel de exposición ao risco (de crédito, de mercado, operacional, etc.); e

1.2.4 Unha previsión das operacións entre as empresas pertencentes ao grupo.

1.3 O impacto que a adquisición terá no goberno corporativo e na estrutura organizativa da entidade, incluíndo o seu efecto sobre:

1.3.1 A composición e funcións do consello de administración ou órgano equivalente e dos principais comités creados polo órgano de decisión (comité de xestión, comité de riscos, comité de auditoría e calquera outro comité), incluíndo información sobre as persoas que se prevé designar. Respecto aos membros do consello de administración ou órgano equivalente, así como dos altos directivos que se prevexa designar, xuntarase o seu

curriculum vitae e a información necesaria para avaliar a súa honorabilidade que se recolle no anexo II.

1.3.2 Os procedementos administrativos e contables e de control interno: principais cambios nos procedementos e sistemas relativos á contabilidade, á auditoría, ao control interno, e ao cumprimento normativo (incluíndo normas contra branqueo de capitais), que incluírá os nomeamentos en funcións esenciais (auditor/ interventor e responsable de cumprimento normativo).

1.3.3 A arquitectura xeral de sistemas de tecnoloxía da información: isto inclúe, por exemplo, calquera cambio na política de subcontratación, no diagrama de fluxos de información, nos programas informáticos (internos e externos) utilizados e nos procedementos e ferramentas de seguridade de datos e de sistemas (entre outros, copias de seguridade, plan de continuidade, rastrexabilidade, etc.).

1.3.4 As políticas de subcontratación e externalización (áreas afectadas, selección dos provedores de servizos, etc.) e os dereitos e obrigas de cada unha das partes, tal e como están recollidos nos contratos (entre outros, acordos de auditoría, calidade esperada dos servizos prestados polo provedor, etc.).

1.3.5 Calquera modificación estatutaria que pretenda realizar o pacto parasocial suscrito ou que se preveza subscribir, que poida afectar ou supor cambios nos dereitos do resto dos accionistas, entre outros, limitacións de voto ou transmisibilidade das accións, ou en relación coa adopción de acordos no seo do consello de administración ou órgano equivalente.

Cando o adquirente potencial poida ter dificultades para obter a información necesaria para elaborar un plan de negocios completo (como podería ser o caso cando a adquisición se realice a través dunha oferta pública de adquisición), este indicará as dificultades ou carencias coas que se encontra e mencionará expresamente os aspectos do plan de negocio que poden ser modificados nun futuro próximo.

2. Participación significativa que non produza cambios no control

Se a adquisición da participación significativa non dá lugar a cambios no control da entidade, o adquirente potencial deberá facilitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un «informe de estratexia» con información detallada sobre as súas intencións, e os obxectivos e estratexias que se pretenden alcanzar coa adquisición proposta. En aplicación do principio de proporcionalidade, o nivel de información que se subministrará dependerá do grao de influencia que o adquirente terá coa adquisición pretendida sobre a xestión e actividades da entidade. Con carácter orientativo, nas letras seguintes indícase unha posible diferenza na profundidade dese informe segundo que se trate dunha adquisición que conduza a unha participación ou outra.

Dependendo da estrutura global do accionariado da entidade obxecto da adquisición, poderase requirir a información máis detallada recollida na letra b) seguinte, mesmo nos casos en que a participación que se vai adquirir sexa inferior ao 20 por cento do capital ou dos dereitos de voto, sempre que se estime que a influencia exercida por este accionista podería ser equivalente á exercida por accionistas cunha participación como a descrita na citada letra b).

a) Participación significativa inferior ao 20 por cento do capital ou dos dereitos de voto.

O «Informe de estratexia» deberá incluír información sobre os seguintes aspectos:

1.º A política do adquirente en relación coa adquisición. Ademais da información requirida na parte I, punto 3 desta lista, o adquirente proposto deberá informar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sobre:

a) O período durante o cal pretende manter a participación na entidade despois da adquisición;

b) Calquera intención de aumentar, reducir, ou manter o nivel da súa participación nun futuro próximo.

2.º Unha indicación sobre as súas intencións respecto da entidade obxecto da adquisición e, en particular, se pretende ou non actuar como un accionista minoritario activo e as razóns desa actuación.

3.º Información sobre a súa capacidade (posición financeira) e intención de recapitalizar a entidade obxecto da adquisición, se for necesario, para o desenvolvemento das súas actividades ou en caso de dificultades financeiras.

b) Participación significativa entre o 20 e o 50 por 100 do capital ou dos dereitos de voto: deberase presentar información da mesma natureza que a sinalada no punto a) anterior, pero cun maior detalle, incluíndo:

I. Detalles sobre a influencia que o adquirente potencial pretende exercer sobre a posición financeira (incluída a política de dividendos) da entidade obxecto da adquisición, o seu desenvolvemento estratéxico e a asignación de recursos dentro dela.

II. Unha descrición das intencións do adquirente e das expectativas que ten respecto á entidade obxecto da adquisición a medio prazo, considerando todos os elementos mencionados no punto 1.1 do plan de negocio.

ANEXO II

Información requirida a quen se propoña formar parte dos órganos de administración e dirección das entidades aseguradoras, reaseguradoras ou de sociedades cuxa actividade principal consista en ter participacións nas ditas entidades

1. Identidade da persoa física ou xurídica

1.1 Persoas físicas.

1.1.1 Nome e apelidos, data e lugar de nacemento, nacionalidade, número de pasaporte ou de documento nacional de identidade, de tarxeta de residencia e domicilio para efectos de notificacións, así como o teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

1.1.2 Curriculum vitae, en que se detalle a formación académica, a súa experiencia e traxectoria profesional, así como as actividades profesionais desempeñadas na actualidade. En particular, deberá achegar:

a) Información sobre a súa formación académica e, se for o caso, universitaria, autorizando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para obter a documentación que acredite a formación que se declara.

b) Descrición das actividades profesionais realizadas, como mínimo, durante os cinco anos anteriores, así como da empresa ou empresas en que se desempeñasen, indicando en particular:

Duración das actividades.

Denominación dos cargos desempeñados e descrición das funcións adscritas aos ditos cargos.

Datos das empresas en que se desenvolveron actividades profesionais; en particular: denominación, forma xurídica, nacionalidade e obxecto social, ámbito xeográfico da actividade da empresa e, se forma parte dun grupo, o seu organigrama.

1.2 Persoas xurídicas.

1.2.1 Denominación social e o nome comercial, o obxecto social, o domicilio social, o número de identificación fiscal e mención á súa inscrición no Rexistro Mercantil ou noutro rexistro público. No caso das persoas xurídicas estranxeiras, deberán facilitar ademais a súa nacionalidade, a súa forma societaria ou personalidade xurídica e a súa acreditación pública. Así mesmo, facilitarase o domicilio para efectos de notificacións, se é distinto do domicilio social, e o teléfono, fax e enderezo de correo electrónico e, se for o caso, de páxina da internet.

- 1.2.2 Descrición detallada das actividades desenvolvidas pola entidade.
- 1.2.3 Relación de persoas que integran o consello de administración ou órgano equivalente, así como dos seus altos directivos.
- 1.2.4 Designación da persoa física que a representará no órgano de administración ou dirección da entidade aseguradora ou reaseguradora, quen deberá achegar a información prevista no punto 1.1.2 anterior.

2. Información adicional que deberán achegar as persoas físicas a que se refire este anexo, incluíndo as persoas físicas que actúen en representación de persoas xurídicas que vaian formar parte dos mencionados órganos de administración ou dirección

- 2.1 Informacións relevantes para a valoración da honorabilidade:
- 2.1.1 Antecedentes penais por delitos dolosos, en España ou no estranxeiro, ou por imprudencia grave.
- 2.1.2 Sancións xudiciais en materia concursal, xa sexa por inhabilitación conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, xa polo estado de quebrado ou concursado non rehabilitado, en caso de procedementos concursais anteriores á data de entrada en vigor da referida lei, xa por situacións similares consonte a normativa doutros países.
- 2.1.3 Sancións administrativas graves ou moi graves, impostas en España ou no estranxeiro, relativas a algunha das seguintes materias: ordenación de seguros, ordenación bancaria e financeira, tributaria, de Seguridade Social, laboral, mercantil, competencia desleal ou abuso de mercado, movementos de capitais, transaccións económicas co exterior, branqueo de capitais e financiamento do terrorismo e protección dos consumidores e usuarios; inclúese, en todo caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.
- 2.1.4 Información sobre se está incurso nalgún tipo de procedemento xudicial, concursal ou sancionador-administrativo, en España ou no estranxeiro, nas materias sinaladas no punto 2.1.3 anterior, ou en relación cos puntos 2.1.1 e 2.1.2 anteriores.
- 2.1.5 Outras medidas correctivas ou disciplinarias en tramitación ou impostas por unha autoridade supervisora de entidades aseguradoras ou financeiras ou en materia de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.
- 2.1.6 Denegación, retirada ou revogación de calquera autorización ou licenza para desempeñar unha profesión ou actividade de natureza financeira ou expulsión decretada por un órgano administrativo ou regulador nese mesmo ámbito ou de natureza profesional.
- 2.1.7 O despedimento, cesamento ou solicitude de renuncia como empregado, mandatario ou xestor dunha entidade aseguradora ou financeira ou dun vehículo de investimento.
- 2.1.8 Se é accionista, membro do consello de administración ou órgano equivalente, ou director xeral ou asimilado, dunha entidade aseguradora, reaseguradora ou financeira. Ademais, e se outra autoridade supervisora do sector financeiro avaliou a súa honorabilidade comercial e profesional, deberá identificar a autoridade supervisora correspondente.

2.2 Descrición dos vínculos ou relacións, financeiras (créditos, garantías, pignoracións) ou non financeiras (entre outras, relacións familiares):

- a) Con accionistas actuais da entidade.
- b) Con calquera persoa que poida exercer o dereito de voto na entidade aseguradora ou reaseguradora.
- c) Con calquera membro do consello de administración ou órgano equivalente que realice funcións de alta dirección na entidade.
- d) A propia entidade e o grupo a que pertence.

2.3 Descrición de calquera outro vínculo, interese, relación ou actividade que poida xerar un conflito de intereses coa entidade aseguradora, reaseguradora ou o grupo a que pertenza e, neste caso, as medidas que se van adoptar para a solución do dito conflito de intereses.